



CONSULTA PÚBLICA NA PAXINA WEB MUNICIPAL

BORRADOR ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE TAXIS DO CONCELLO DE GUITIRIZ. Expte. 961/2025

Por providencia da alcaldía de data 23/09/2025 incoouse o correspondente expediente para a aprobación da ordenanza municipal reguladora do servizo de taxis do Concello de Guitiriz.

Segundo o establecido no artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, establece que previamente á elaboración do proxecto de regulamento realizarase unha consulta pública a través da páxina web municipal para recabar a opinión dos posibles afectados pola norma sobre: os problemas a solucionar, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da norma, e as posibles solucións alternativas.

En consecuencia, DISPOÑO:

Que se proceda a publicar na páxina web municipal o correspondente anuncio xunto co borrador da ordenanza inicialmente redactada, para que durante un prazo de 15 días naturais calquera interesado poda consultalo e presentar suxestións ou opinións ao respecto, entre outras, sobre os problemas que o regulamento trata de solucionar, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da norma, ou no seu caso, as posibles solucións alternativas.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A alcaldesa
Marisol Morandeira Morandeira





ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE TAXIS DO CONCELLO DE GUITIRIZ

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

- Artigo 1. Obxecto
- Artigo 2. Ámbito de aplicación, competencia municipal
- Artigo 3. Definicións.
- Artigo 4. Principios.
- Artigo 5. Réxime xurídico

TÍTULO II.- RÉXIME XURÍDICO DA ACTIVIDADE DE TAXI

CAPÍTULO I.- TÍTULOS HABILITANTES

- Artigo 6. Títulos habilitantes.
- Artigo 7. Requisitos para a tramitación da titularidade da licenza de taxi
- Artigo 8. Número máximo de licenzas.
- Artigo 9. Limitacións na titularidade das licenzas.
- Artigo 10. Adxudicación e outorgamento de licenzas.
- Artigo 11. Visado das licenzas.
- Artigo 12. Suspensión e extinción das licenzas de taxi
- Artigo 13. Autorizacións para a prestación do servizo de taxi interurbano
- Artigo 14. Vinculación de licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi
- Artigo 15. Transmisión de títulos habilitantes.
- Artigo 16. Prohibicións.
- Artigo 17. Rexistro municipal de títulos habilitantes.

CAPÍTULO II. EXERCICIO DA ACTIVIDADE DE TAXI

Sección 1ª. DOS CONDUTORES E CONDUTORAS

- Artigo 18. Prestación do servizo
- Artigo 19. Condicións esixibles

Sección 2ª.- DOS VEHÍCULOS AFECTOS ÁS LICENZAS

- Artigo 20. Clasificación
- Artigo 21. Numero de prazas.
- Artigo 22. Substitución
- Artigo 23. Vehículos adaptados.





Sección 3ª. DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE TAXI

Artigo 26. Concertación

Artigo 27. Iniciación do servizo

Artigo 28. Paradas.

Artigo 29. Horarios.

CAPITULO III. REXIME ECONOMICO

Artigo 30. Réxime económico

CAPÍTULO IV. ESTATUTO XURÍDICO DAS PERSOAS USUARIAS DO TAXI

Artigo 31. Dereitos dos usuarios/as.

Artigo 32. Deberes dos usuarios/as.

TÍTULO III. INSPECCIÓN, INFRACCIÓNS, SANCIÓN E PROCEDIMENTO
SANCIONADOR

Artigo 33. Inspección

Artigo 34. Infraccións.

Artigo 35. Sancións.

Artigo 36. Procedemento sancionador

Disposición adicional

Disposición final



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Diario Oficial de Galicia número 113 de data 14 de xuño do 2013 publicouse a Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de Galicia, desenvolvida polo Decreto 103/2018, de 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, publicado no Diario Oficial de Galicia número 187 de 1 de outubro de 2013.

Neste sentido, sen prexuízo de respectar o contido das referidas normas legais e regulamentarias, preténdese outorgar a través da presente ordenanza unha concreción ás competencias municipais de ordenación e xestión en materia e taxis e en particular a cuestións orfas de concreción no 103/2018, de 13 de setembro, segundo opinión manifestada polos xestores municipais e representantes do sector

Esta Ordenanza é ditada de conformidade co disposto na citada Lei 4/2013 xunto co artigo 25.2.11 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Por tanto, en virtude da autonomía local constitucionalmente recoñecida, que garante aos Municipios personalidade xurídica propia e plena autonomía no ámbito dos seus intereses, e que lexítima o exercicio de competencias de transportes públicos de viaxeiros que se desenvolvan no seu termo municipal, apróbase a presente ordenanza, previa observancia da tramitación establecida para o efecto polo artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto.

A presente Ordenanza ten por obxecto a regulación do réxime xurídico aplicable ao servizo de taxi prestado ao amparo das licenzas de taxi do Concello de Guitiriz.

A intervención municipal no servizo de taxi, fundaméntase na garantía do interese público para a consecución dun nivel óptimo de calidade na prestación do servizo

Artigo 2. Ámbito de aplicación, competencia municipal.

1. O ámbito de aplicación da presente ordenanza será o termo municipal de Guitiriz.
2. O Concello de Guitiriz intervirá no servizo de taxis a través dos seguintes medios:
 - Sometemento a licenza municipal previa.
 - Fiscalización da prestación do servizo.
 - Informe sobre a solicitude de revisión de tarifas do servizo.
 - Disposicións complementarias para a prestación do servizo.
 - Calquera outra atribución establecida na normativa de aplicación na materia.

Artigo 3. Definicións.

Aos efectos da presente ordenanza enténdese por:

- α) Servizo de taxi: transporte público discrecional de persoas viaxeiras realizado



por persoas físicas en vehículos de turismo que contan con signos distintivos de taxi que se realiza por conta allea mediante retribución económica suxeita a tarifa e dispoñendo dos correspondentes títulos habilitantes para a prestación do servizo.

β) Servizos urbanos: os servizos de taxi que transcorren integramente polo termo municipal do Concello de Guitiriz ou, de ser o caso, dunha área territorial de prestación conxunta establecida de acordo co previsto na normativa aplicable.

χ) Servizos interurbanos: os que non estean comprendidos na definición anterior.

δ) Áreas territoriais de prestación conxunta: as áreas xeográficas de carácter supramunicipal que poden ser constituídas de conformidade coa lei cando existe interacción ou influencia recíproca entre os servizos de taxi dos municipios que as integran.

ε) Transporte público: aquel transporte que se desenvolva por conta allea mediante retribución económica.

φ) Transporte discrecional: transporte que se efectúa con suxeición a un itinerario, calendario ou horario preestablecido.

γ) Titular: persoa que dispón dos títulos habilitantes precisos para a prestación de servizos de transporte público de persoas en vehículos de turismo.

η) Conductor ou condutora de vehículo de turismo de transporte público de persoas: persoa física que guía un vehículo de turismo adicado á prestación dos servizos de taxi, ben por ser titular dos títulos habilitantes requiridos na normativa, ben por ser asalariado daquel, e que dispón do permiso de condución esixido na lexislación vixente e conta coa correspondente capacitación profesional establecida legalmente.

Estarase ao establecido na normativa aplicable na materia naqueles conceptos non definidos na presente ordenanza.

Artigo 4. Principios.

O transporte de persoas en taxi axustarase aos principios de:

a) Responsabilidade pública, fundamentada no interese xeral do transporte público de persoas en vehículos de turismo, coa finalidade de garantir que a prestación dese servizo se faga en condicións de calidade e suficiencia ás persoas consumidoras e usuarias e de fomento da competencia entre operadores.

b) Universalidade, accesibilidade e continuidade na prestación dos servizos de taxi, procurando, particularmente naquelas zonas onde exista unha falta de cobertura deles, unha suficiencia do servizo e tamén acadar o equilibrio económico da actividade mediante a limitación no número de habilitacións e o establecemento de tarifas obrigatorias.

c) Calidade na prestación dos servizos e no respecto dos dereitos das persoas usuarias recoñecidos pola lexislación vixente e a incorporación dos avances técnicos que permitan a mellora das condicións da prestación do servizo e da seguridade persoal dos condutores e condutoras, así como das persoas usuarias, e a protección do medio ambiente.

Artigo 5. Réxime xurídico.

No non previsto na presente Ordenanza ou nas súas disposicións complementarias será de aplicación a normativa en vigor na Comunidade Autónoma de Galicia e, con carácter supletorio, as disposicións estatais que lles sexan aplicables.

TÍTULO II.- RÉXIME XURÍDICO DA ACTIVIDADE DE TAXI.



CAPÍTULO I.- TÍTULOS HABILITANTES.

Artigo 6. Títulos habilitantes.

1. A prestación do servizo de taxi está suxeita á obtención previa dos correspondentes títulos administrativos que habiliten aos seus titulares para exercer dita actividade: obtención da licenza de taxi e autorización interurbana de taxi segundo a normativa vixente.

Constitúen títulos habilitantes para a prestación dos servizos de taxi os seguintes:

a) As licenzas de taxi: habilitan para a prestación dos servizos urbanos de taxi sendo outorgadas polo Concello ou, de ser o caso, pola entidade que asuma a xestión dunha área territorial conxunta que se poida crear segundo o disposto na normativa vixente.

b) As autorizacións interurbanas de taxi: permiten a prestación dos servizos interurbanos de taxi e son outorgadas polo órgano competente da consellería que teña atribuídas as competencias en materia de transportes.

2. Corresponde ao Concello de Guitiriz o outorgamento da licenza de taxi no ámbito urbano (entendendo como tal o conxunto do concello) e ao órgano competente da Xunta de Galicia en materia de transporte a concesión da autorización interurbana.

3. As licenzas de taxi e as autorizacións interurbanas de taxi estarán vinculadas e a súa obtención efectuarase mediante o procedemento regulado na normativa aplicable.

4. Os títulos habilitantes outorgaranse sen prazo de duración prefixado, ben que a súa validez quedará condicionada ao seu visado periódico por parte do órgano ou órganos competentes, en cada caso, segundo o establecido ao efecto pola normativa vixente.

Artigo 7. Requisitos para a tramitación da titularidade da licenza de taxi.

Só poderán ser titulares de licenzas de taxi as persoas físicas que acrediten o cumprimento dos requisitos establecidos na normativa vixente aplicable á materia.

Artigo 8. Número máximo de licenzas.

1. O outorgamento de licenzas de taxi virá determinado, en todo caso, pola necesidade e conveniencia do servizo para prestar ao público atendendo á caracterización da oferta e a demanda existente no ámbito territorial, así como polo mantemento da calidade do servizo e a sustentabilidade na súa explotación. Como regra xeral, o número máximo de licenzas de taxi no Concello de Guitiriz será de: unha (1) licenza de taxi por cada 1.100 habitantes, cun mínimo de 2 licenzas de taxi no concello.

2. O Concello de Guitiriz poderá efectuar unha continxentación específica para o seu ámbito territorial, diferente da prevista no apartado anterior deste mesmo artigo, mediante a tramitación dun procedemento que se iniciará pola realización dun estudo previo de mobilidade no que se analicen aspectos relacionados coas condicións de mobilidade do correspondente ámbito territorial, a calidade da prestación do servizo existente e aspectos socioeconómicos. O referido procedemento deberá efectuarse de conformidade cos trámites e esixencias que estipule a lexislación vixente na materia.

Artigo 9. Limitacións na titularidade das licenzas.



1. O número máximo de licenzas de taxi por titular será de dúas, sempre en cumprimento da normativa autonómica en vigor.
2. Non se poderá ser titular de licenzas de taxi en distintos concellos.
3. A persoa titular da licenza de taxi terá plena e exclusiva dedicación á actividade de taxi, e deberá prestar o servizo persoalmente realizando labores de condución. En caso de ser titular de varios deses títulos, deberá estar adscrito á prestación persoal do servizo nun deles.
4. Non obstante o anterior, a persoa titular poderá contratar persoas condutoras asalariadas para prestar o servizo naquelas horas nas que non a realice ela directamente. Estas persoas asalariadas deberán estar contratadas en réxime laboral, figurando a xornada completa e con dedicación exclusiva, ou estar incluídas no réxime de persoal autónomo colaborador, de acordo coa lexislación laboral.
5. Cada licenza de taxi en ningún caso poderá ter adscritas máis de dúas persoas condutoras, tendo que ser unha delas a persoa titular.
6. Sen prexuízo do indicado, nos supostos de baixa médica por enfermidade ou declaración de incapacidade permanente revisable, por un período superior a 60 días e polo tempo que estas duren, poderase substituír á persoa condutora asalariada afectada, por un período igual ao da correspondente baixa ou declaración.

Artigo 10. Adxudicación e outorgamento de licenzas.

1. Ante a eventualidade de que o Concello de Guitiriz conte con continxencia para elo, as licenzas de taxi serán outorgadas polo Concello mediante concurso público ao cal se poderán presentar as persoas que cumpran os requisitos para seren titulares de licenzas de taxi, e sempre cumprindo cos requisitos establecidos na normativa autonómica e estatal aplicable.
2. O Concello poderá proceder á convocatoria de novas licenzas de taxi, logo da verificación da existencia de dispoñibilidade, segundo o procedemento establecido na normativa vixente aplicable á materia.

Artigo 11. Visado das licenzas.

1. A vixencia das licenzas de taxi queda condicionada á constatación por parte da Administración Municipal, do mantemento das condicións que orixinariamente xustificaron o seu outorgamento e que constitúen requisitos para a súa validez e de aquelas outras que, aínda non sendo esixidas orixinariamente, resulten, así mesmo, de obrigado cumprimento en virtude das disposicións legais que resulten de aplicación.

Esta constatación efectuarase mediante o visado da licenza con periodicidade cuatrianual.

2. Para a realización do visado deberá presentarse unha declaración responsable na que manifesta, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos para o exercicio da actividade de taxi para a que lle habilita a licenza e que xustificaron o seu outorgamento, que dispón da documentación que así o acredita, que a porá a disposición da Administración cando se lle requira, e que se compromete a mantelas ata o próximo visado.
3. O Concello realizará a debida anotación no Rexistro de Títulos Habilitantes da presentación da documentación/declaración responsable.
4. A falta de visado en prazo determinará a extinción automática do correspondente título habilitante, sen necesidade dunha declaración da Administración nese sentido. Paralelamente, o non visado da licenza ou da autorización interurbana de taxi comportará automaticamente a extinción do outro título, como consecuencia da



vinculación de ámbolos dous títulos no caso de que esta estivera prevista na normativa autonómica.

5. Non obstante, os títulos así extinguidos poderán ser rehabilitados, no prazo dun ano dende a fin do prazo de visado, prazo no que continuarán computándose a efectos de cuantificar o continxente de licenzas máximas do Concello, salvo renuncia expresa do seus titular a dita rehabilitación. Ao efecto, a persoa interesada terá que solicitar a rehabilitación da licenza ante a Administración Municipal aportando a mesma documentación esixida para este. Unha vez que esta comprobe que se reúnen os requisitos para rehabilitar o título, resolverá en tal sentido e fará a correspondente anotación no rexistro. A rehabilitación do título non visado orixinariamente comportará automaticamente a rehabilitación do outro que causara baixa pola falta de visado do primeiro, excepto en caso de que este tampouco fora visado en prazo, suposto no que tamén deberá solicitarse e xustificarse a súa rehabilitación.

6. A realización do visado periódico previsto neste artigo non será obstáculo para que a Administración Municipal poda, en todo momento, comprobar o cumprimento adecuado dos requisitos esixidos nesta Ordenanza, solicitando da persoa titular da licenza a documentación acreditativa que estime pertinente.

Artigo 12. Suspensión e extinción das licenzas de taxi.

En canto á suspensión temporal e extinción das licenzas de taxi estarase ao establecido na lexislación vixente.

Artigo 13. Autorizacións para a prestación do servizo de taxi interurbano.

Estarase ao establecido na lexislación vixente.

Artigo 14. Vinculación de licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi.

1. As licenzas de taxi e as autorizacións interurbanas de taxi estarán vinculadas, sendo preciso dispor de ámbolos dous títulos para a realización da actividade, o que implica que a suspensión ou extinción dun título habilitante implicará a suspensión ou a extinción do outro ao que estea vinculado.

2. O procedemento coordinado para o outorgamento das licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi será o establecido na normativa autonómica vixente.

Artigo 15. Transmisión de títulos habilitantes.

1. En relación á transmisión de títulos habilitantes estarase ao establecido na normativa vixente aplicable á materia.

2. A persoa que transmita unha licenza de taxi non poderá volver a ser titular doutra licenza de taxi no Concello de Guitiriz, ata que transcorra un período de cinco anos dende a transmisión.

Artigo 16. Prohibicións.

1. Non se poderá realizar ningún tipo de negocio xurídico que comporte a transmisión das licenzas de taxi e das autorizacións interurbanas de taxi, e dos vehículos afectos a ela, ao marxe do procedemento legalmente establecido nesta ordenanza e na lexislación vixente na materia.

2. Non se permitirá o arrendamento ou calquera outro negocio xurídico que comporte a cesión da explotación das licenzas ou a transmisión das mesmas e dos vehículos afectos a estas fora do estipulado nesta ordenanza.

3. No caso de que calquera destas operacións se fagan e o Concello teña coñecemento destes feitos serán sancionadas coa perda da concesión da licenza, ao estar considerada unha infracción moi grave segundo a normativa autonómica de



aplicación

4. A cesión do uso da licenza ou calquera outro acto translativo de posesión desta que se realice sen a previa autorización do Concello de Guitiriz contravindo as disposicións desta ordenanza, será declarada nula e será sancionada de acordo co disposto neste artigo.

Artigo 17. Rexistro municipal de títulos habilitantes.

α) O Concello de Guitiriz dispón dun rexistro público de licenzas de taxi e de autorizacións interurbanas de taxi no cal figuran a identificación da persoa titular, o domicilio para efectos de notificacións administrativas, o vehículo e os condutores ou condutoras adscritos aos títulos habilitantes e a súa vixencia ou suspensión, así como calquera outro dato ou circunstancia que se considere procedente.

β) Os titulares das licenzas de taxi e de autorizacións interurbanas de taxi están obrigados a comunicar os cambios de domicilio e demais datos e circunstancias que figuran no rexistro municipal de títulos habilitantes no prazo dun mes dende que se produza o cambio.

γ) O acceso, o tratamento ou a cesión de datos consignados no dito rexistro axustarase á normativa vixente en materia de rexistros administrativos e de protección de datos persoais. Serán públicos, en todo caso, os datos referidos á identificación do titular das licenzas de taxi e das autorizacións interurbanas de taxi e máis dos vehículos e dos condutores ou condutoras adscritos a estes, así como a vixencia, a suspensión ou a extinción dos títulos habilitantes.

CAPÍTULO II. EXERCICIO DA ACTIVIDADE DE TAXI.

Sección 1ª. DOS CONDUTORES E CONDUTORAS.

Artigo 18. Prestación do servizo.

1. As persoas titulares de licenzas de taxi e de autorizacións interurbanas de taxi deberán prestar o servizo persoalmente, sen prexuízo da posibilidade de poder contratar persoas condutoras asalariadas que figurarán a xornada completa e con dedicación exclusiva.

2. Cada licenza de taxi ou autorización interurbana de taxi non poderá ter adscritas máis de dúas persoas condutoras, incluída a persoa titular. A relación entre as persoas condutoras asalariadas e as titulares das licenzas de taxi será de carácter laboral.

3. Os titulares de máis dunha licenza deberán acreditar ante o Concello que exercen a actividade persoalmente nunha das licenzas e poderán explotar a outra mediante persoal condutor asalariado. A persoa titular, sempre que lle sexa requirido, deberá xustificar o cumprimento das prescricións legais en materia laboral e da seguridade social relativas ás persoas asalariadas.

4. En todo o non recollido no presente artigo deberase atender á normativa vixente aplicable na materia.

Artigo 19. Condicións esixibles.

Os condutores e condutoras deberán posuír o correspondente permiso de condución establecido na lexislación vixente e dispor da correspondente capacitación profesional que se estableza.

Sección 2ª.- DOS VEHÍCULOS AFECTOS ÁS LICENZAS.

Artigo 20. Clasificación.



Os vehículos adicados á actividade de taxi deberán estar clasificados como turismos e deben cumprir cos requisitos establecidos pola lexislación en canto ás súas condicións de seguridade, capacidade, antigüidade máxima, confort e prestacións adecuadas ao servizo ao que están adscritos.

Artigo 21. Número de prazas.

1. Con carácter xeral, as licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi outorgaranse para vehículos cunha capacidade mínima de cinco e máxima de ata sete prazas, incluída a persoa condutora.
2. Con todo, autorizaranse vehículos de ata nove prazas, incluída a da persoa condutora, cando devanditos vehículos estean adaptados para o transporte dunha ou máis persoas con mobilidade reducida en cadeira de rodas.
3. Para o cómputo desas prazas, ademais da correspondente á persoa condutora, só se terán en conta aquelas que resulten aptas para utilizar por calquera persoa usuaria. Quedarán, deste xeito, excluídas aquelas que teñan unhas dimensións reducidas en relación co resto de prazas do vehículo.

Artigo 22. Substitución.

Requírese para a substitución do vehículo afecto á licenza ou autorización interurbana autorización do Concello, sempre que o vehículo substituínte sexa máis novo que o substituído e reúna as condicións establecidas pola normativa para a prestación do servizo.

Artigo 23. Vehículos adaptados.

1. En canto á existencia de vehículos de taxi adaptados para transportar persoas usuarias con mobilidade reducida e en cadeiras de rodas estarase á normativa aplicable na materia.
2. Nesta tipoloxía de vehículos, a praza ou prazas previstas para a fixación de cadeiras de rodas deberán resultar operativas de requirilo unha persoa usuaria, sen necesidade de que esta realice unha reserva previa do servizo, e sen esixir operacións complexas de adaptación que diminúan a capacidade do vehículo ou demoren de maneira significativa a prestación do servizo.
3. En todo caso, os vehículos contarán cun espazo dedicado a maleteiro suficiente para transportar a equipaxe da súa pasaxe. Excepto no suposto de vehículos adaptados para o transporte de persoas con mobilidade reducida en cadeira de rodas, devandito espazo deberá resultar independente e diferenciado do habitáculo destinado ás persoas.

Artigo 24. Imaxe.

1. Os vehículos destinados ao servizo de taxi serán de cor indistinta e respectarán os requisitos de imaxe unificada que se podan establecer pola Xunta de Galicia.
2. Figurarán no exterior do vehículo, no centro das dúas portas dianteiras do mesmo, o número de licenza municipal así como o escudo do Concello de Guitiriz. Estes distintivos terán as dimensións e cores que estableza o Concello, e deberán ser, en calquera caso, claramente visibles.
3. Para a fixación dos distintivos mencionados, poderán utilizarse adhesivos permanentes, prohibíndose en calquera caso, o emprego de placas magnéticas ou imantadas. Colocarase en lugar visible do interior do vehículo un impreso no que figurarán as tarifas vixentes e as súas condicións de aplicación.
4. No interior do vehículo, e en lugar visible, colocarase unha placa co número de



licenza municipal e o número de prazas autorizadas.

5. Os taxis estarán equipados cun módulo luminoso exterior que sinala claramente, cumprindo en todo momento coa normativa técnica aplicable, a súa dispoñibilidade para prestar o servizo como a tarifa que resulte aplicable.

Artigo 25. Publicidade.

1. Os titulares das licenzas poderán contratar e colocar anuncios publicitarios tanto no interior como no exterior do vehículo, sempre que se conserve a estética deste, non se impida a visibilidade nin se xere risco algún, e non se atente contra a imaxe do sector. No exterior do vehículo a publicidade quedase restrinxida ás portas laterais traseiras, en dous terzos e ao faldón traseiro do vehículo, paragolpes e carrocería do maleteiro.

2. O Concello de Guitiriz poderá establecer campañas de promoción publicitaria institucional na parte traseira dos vehículos adscritos ao servizo de taxi. As citadas campañas serán custeadas polo Concello de Guitiriz, e non suporán gasto algún para os taxistas.

3. Prohíbese toda publicidade sexista ou que atente contra os dereitos das persoas. En todo caso a publicidade utilizada non poderá contradicir o establecido na normativa sobre tráfico e seguridade viaria.

Sección 3ª. DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE TAXI.

Artigo 26. Concertación.

1. A concertación do servizo de taxi efectuarase por petición da persoa usuaria, nas paradas establecidas, mediante chamada na vía pública ou a través de calquera medio ou aplicación establecido pola normativa vixente.

2. Asemade atenderase ao establecido na normativa vixente para o suposto de concertación do servizo na vía pública e, en todo caso, ao establecido nas disposicións sobre tráfico e seguridade viaria.

3. A contratación do servizo, como regra xeral, levarase a cabo mediante a contratación da capacidade total do vehículo e sempre en cumprimento do establecido na normativa aplicable á seguridade vial.

Artigo 27. Iniciación do servizo.

1. Os vehículos taxis, cando non estean ocupados, xa sexa nas paradas ou en circulación, para indicar a situación de “libre”, deberán levar acesa na parte superior dianteira da carrocería unha luz verde que se apagará ao ocuparse o vehículo.

2. Cando se trate dun servizo contratado por emisora, teléfono ou outro medio telemático, o servizo entenderase iniciado onde estivera o vehículo, pero sen que en ningún caso puidera superarse a tarifa fixada como mínima cando recolla ao usuario.

3. Para poder acceder ás rúas peonís, os titulares de licenzas de taxi deberán solicitalo ao Concello, e cando presten algún servizo recollido nesta Ordenanza avisarán á Policía Local.

4. Os taxis poderán acceder ás zonas peonís ou semipeonís cando vaian a recoller ou deixar viaxeiros con orixe ou destino na zona e se trate de persoas de idade avanzada, con problemas de mobilidade ou que transporten maletas ou outros vultos análogos, debendo avisar á Policía Local.

5. Os taxis poderán realizar unha parada para recoller viaxeiros ou cargar/descargar maletas ou vultos análogos, debendo buscar o lugar máis axeitado e



onde menos se entorpeza a circulación, no mesmo sentido no relativo a baixar o condutor do vehículo.

Artigo 28. Paradas.

1. Establécense no Concello de Guitiriz os seguintes lugares de parada nas que os taxis poderán estacionar á espera de pasaxeiros ou pasaxeiras:

- ◆ Rúa do Concello (a altura do edificio sede da administración municipal)

As paradas establecidas estarán correctamente sinalizadas e contarán con accesos para persoas con mobilidade reducida.

Artigo 29. Horarios.

1. Os vehículos adscritos ao servizo de taxi deberán prestar o servizo de maneira continuada, salvo nos supostos de vacacións e descansos, durante as 24 horas do día. Coa finalidade de manter o servizo, realizaranse quendas de traballo para así contribuír á mellora da atención cidadá e da correcta distribución do traballo axustándose á demanda.

2. Os representantes das organizacións municipais representativas do sector presentarán antes do 15 de decembro do ano natural o acordo de quendas para o ano seguinte. No acordo presentado deberá cubrirse o servizo na súa totalidade.

3. No suposto de que os citados non presenten no prazo establecido o acordo de quendas, este será realizado polo Concello e remitido aos representantes das organizacións municipais representativas do sector para a súa posta en práctica.

4. Nas datas de celebración de eventos do Concello de Guitiriz, haberá liberdade de quendas. Dende o Concello de Guitiriz determinarase ao final de cada ano e antes da realización das quendas as datas de celebración dos citados eventos.

5. As gardas nocturnas son obrigatorias, establecendo as quendas as asociacións de taxistas rexistradas no Concello, ou de non producirse o citado acordo as que este dispoña.

6. Establécese a obrigatorioidade dun único número de teléfono que garante o servizo.

CAPÍTULO III. RÉXIME ECONÓMICO.

Artigo 30. Réxime económico.

1. A prestación do servizo de taxi está suxeita a un réxime de tarifas obrigatorias que garantirán a cobertura do custo real do servizo en condicións normais de produtividade e organización e, permitirán unha adecuada amortización e un razoable beneficio industrial.

2. En relación ao réxime de tarifas estarase ao establecido na normativa vixente aplicable á materia.

3. As tarifas aplicables serán visibles para a persoa usuaria dende o interior do vehículo, con indicación dos suplementos e das tarifas especiais que proceda aplicar en determinados servizos.

CAPÍTULO IV. ESTATUTO XURÍDICO DAS PERSOAS USUARIAS DO TAXI.



Artigo 31. Dereitos dos usuarios/as.

En canto aos dereitos dos usuarios/as do servizo de taxi estarase ao establecido na normativa vixente aplicable á materia.

Artigo 32. Deberes dos usuarios/as.

En canto aos deberes das persoas usuarias do servizo de taxi estarase ao establecido na normativa vixente aplicable á materia.

TÍTULO III. INSPECCIÓN, INFRACCIÓNS, SANCIÓN E PROCEDEMENTO SANCIONADOR.**Artigo 33.** Inspección.

1. Sen prexuízo do indicado con respecto ao visado de licenzas na presente norma regulamentaria, a actividade de transporte de persoas en vehículos de turismo someterase a control administrativo.
2. A función inspectora exercerase de oficio ou a instancia de parte e ten como finalidade garantir a adecuación da actividade de transporte de persoas en vehículos de turismo ao establecido pola normativa vixente na materia.
3. As funcións de vixilancia e inspección do servizo de taxi corresponderá ao servizo da Policía Local do Concello de Guitiriz, sen prexuízo das competencias que outras administracións públicas teñan atribuídas.
4. O persoal inspector terá recoñecido o carácter e a potestade de autoridade pública, estando provisto de documento acreditativo da súa condición, expedido pola administración competente, e que deberá ser exhibido con carácter previo ao exercicio das súas funcións. Asemade gozará de presunción de veracidade e terán valor probatorio, sen prexuízo das probas que en defensa dos respectivos dereitos ou intereses poidan sinalar ou achegar as persoas interesadas.
5. Os axentes da autoridade pertencentes ao Corpo da Policía Local do Concello de Guitiriz serán os encargados da función de inspección, sendo axentes da autoridade, e identificaranse co distintivo do que dispoñen como tal.

Artigo 34. Infraccións.

1. En relación ás regras sobre a responsabilidade administrativa polas infraccións cometidas estarase ao establecido na normativa aplicable á materia.
2. Son infraccións as accións e as omisións que contraveñan as obrigas establecidas pola normativa aplicable á materia a título de dolo, culpa ou simplemente inobservancia.
3. As infraccións clasificaranse en leves, graves e moi graves.
4. Atenderase á normativa aplicable á materia en canto á consideración das infraccións como leves, graves ou moi graves.

Artigo 35. Sancións.

1. Atenderase á normativa aplicable á materia coa contía da sanción que se impoña pola comisión de infraccións leves, graves ou moi graves referidas no artigo anterior.
2. A competencia para a imposición das sancións establecidas no apartado anterior respecto da prestación dos servizos urbanos de taxi corresponderá ao órgano municipal correspondente; no resto dos supostos corresponderá ao órgano competente en materia de transportes da Administración Autonómica.

Artigo 36. Procedemento sancionador.

1. O procedemento para a imposición de sancións previstas nesta Ordenanza



iniciárase de oficio por acordo do órgano competente, ben por propia iniciativa ou como consecuencia de orde superior, petición razoada doutros órganos do mesmo ou por denuncia ou acta de inspección.

2. O prazo máximo en que deberá notificarse a resolución do procedemento sancionador será dun ano, contado desde a data de iniciación do mesmo por acordo do órgano competente con nomeamento do instrutor e traslado de prego de cargos á persoa presuntamente infractora.

3. O procedemento sancionador axustarase ao disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así coma a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, tendo en consideración, no seu caso, as especificacións previstas para o procedemento sancionador nas normas estatais e autonómicas en materia de transporte.

Disposición adicional.

Os aspectos non regulados na presente ordenanza rexeranse polo disposto na normativa vixente aplicable á materia.

Disposición final.

A presente Ordenanza entrará en vigor, unha vez aprobada e publicada completamente no Boletín Oficial Provincia, conforme o establecido nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, ao día seguinte da súa publicación

Documento asinado electronicamente

